

## UNHA EXPERIENCIA NA FORMACIÓN CONTINUA DO PROFESORADO NON UNIVERSITARIO

Emilio A. García Fernández, CFR de Ourense (extensión do Barco de Valdeorras)

Emilio Antonio García Fernández é mestre de primaria en varias actividades, licenciado en Xeografía e Historia e asesor de formación dende o ano 1997.

É membro do Comité de Redacción da Revista “Saudíña” adicada a temas transversais dende o ano 2002 e do Comité Organizador das tres últimas edicións das Xornadas de Transversalidade.

No texto da súa intervención amplíase a información sobre as súas actividades en relación á igualdade de xénero.

Cando dende o Seminario Permanente de Educación para a Igualdade me propuxeron que participase nunha mesa redonda arredor da formación do profesorado no *Oitavo Foro Galego de Educación para a Igualdade*, o primeiro pensamento foi que seguramente non tiña moitas cousas que contar. Despois de tomarme un par de días para pensalo e ir repasando as diferentes actividades que, dalgunha maneira, estarían directa ou indirectamente relacionadas coa temática, decateime de que non eran tan poucas e que, ademais, había cousas interesantes para compartir coas persoas asistentes. Axudoume o feito de ter participado con anterioridade en case todos os sete foros anteriores e ter claro que de todos eles algo foi sempre a parar á miña “mochila” tanto persoal como profesional. Participar neste Foro dáme tamén a posibilidade de agradecer a un montón de mulleres a súa contribución por diferentes vías na incorporación de aspectos diversos relacionados co tema da igualdade e a coeducación que teñen contribuído a que sexa unha persoa máis completa e, seguramente, mellor. En nome de todas elas mencionarei a dúas: *Begoña Salas* e a *Graciela Hernández Morales*, ás que coñecín en actividades formativas relacionadas con esta temática e que foron quen de coas súas achegas, reflexións, datos, etc, facer que os meus esquemas cerebrais de home educado nun modelo andocéntrico se movesen desatando un “conflicto cognitivo” no que medrei como docente e tamén como home. Entre esas actividades non podo deixar de mencionar unha na que as dúas participaron como relatoras. Trátase do **“Curso de formación de asesoras e asesores para a igualdade na comunidade educativa”**. Realizouse no primeiro trimestre do curso 2000/2001, organizado polo *Servizo Galego de Igualdade en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto da Muller* e, aínda que supuxo un importante esforzo polo desprazamento ata Santiago e por realizarse en fins de semana ata completar 100 horas, creo que aportou ás persoas que participamos moita luz sobre o tema, motivo polo que non estaría de máis que se repetise, senón anualmente, polo menos cada dous anos.

Necesariamente, a miña exposición ten que basearse nunha realidade moi concreta que é a do Centro de Formación e Recursos no que traballo (Ourense) e, dentro del, nunha sección tamén concreta, a do Barco de Valdeorras. Dado que no foro, ademais de docentes, participan persoas doutra procedencia (traballores/as dos concellos, asistentes sociais, ANPAs, etc.) paréceme importante comentar a estrutura da formación do profesorado en Galicia así como algunhas pinceladas referidas ás nosas actividades, tanto para poder entender mellor a exposición como para ter un referente á hora de poder establecer nexos de colaboración que me parecen moi importante e é un dos aspectos sobre os que incidirei na miña exposición:

## **A necesidade de colaboración insterinstitutional.**

Comecei a traballar en formación do profesorado no ano 1997, cando aínda a institución se chamaba Centro de Formación Continuada do Profesorado (CEFOCOP). Esta sección funcionaba naquela estrutura como unha extensión do Centro de Ourense cun equipo formado por tres persoas. Creouse un ano despois que o resto dos centros, é dicir no 1.993, polas características xeográficas específicas da provincia e de situación da capital no extremo oposto que case condenaba ao profesorado de toda a zona leste da provincia a non ter acceso á formación. O propio nacemento fixo que se construíse un edificio para este fin, o que, dende o principio, o converteu (compartido naquel momento co Equipo Psicopedagóxico e o Centro de Recursos) nun referente e punto de encontro para todo o profesorado da zona, aspecto que tamén considero moi importante por crear vínculos e servir de espazo de intercambio e relación entre profesionais do ensino que, sen dúbida, mantén informado e motiva ao profesorado a participar nas actividades formativas que ofertamos cada curso escolar e que rara vez decaen por falta de profesores e profesoras con interese.

A partir do ano 2000 un novo decreto (245/1999) funde os *Centros de Recursos e os CEFOCOP creando unha nova institución que se encarga da formación do profesorado: os Centros de Formación e Recursos.*

Estes centros están en todos os casos compostos por una sé central e dúas ou tres seccións que se sitúan en poboacións alonxadas da capital e teñen por obxectivo achegar a formación ao profesorado. Na provincia de Ourense, ademais da sección do Barco, hai tamén en Carballiño e Verín. Este decreto articula a formación a través de dúas estruturas básicas:

- *Asesores e asesoras de Servizos Centrais que son asesores/as de área.*
- *Asesores e asesoras dos Centros de Formación.* Na estrutura anterior tamén eramos de área pasando na nova a ser xeralistas agás unha persoa en cada equipo (tanto séis centrais coma seccións) que ten o perfil de TIC (tecnoloxías da información e da comunicación).

Na actualidade estase elaborando un novo decreto que, segundo parece, non vai modificar esta estrutura pero si os perfís dos asesores e asesoras tanto de Servizos Centrais como dos Centros de Formación e Recursos. En relación co tema obxecto da exposición creo que é salientable a incorporación, tanto a nivel central como en cada centro, dun asesor ou asesora co perfil de educación en valores que xa existe nas estruturas doutras comunidades autónomas. Considero importante este aspecto porque cando falamos de igualdade, de coeducación, de recoñecer o feminino temos que partir da realidade que nos rodea. Tomando unha imaxe utilizada por *Pedro Uruñuela Nájera* nun recente congreso celebrado en Madrid sobre disrupción, falaríamos dun iceberg. Hai unha parte visible que se relaciona directamente con condutas das persoas sobre as que creo que nos centros educativos sempre se fai algún tipo de intervención. Pero se afondamos na forma do iceberg e vemos que hai debaixo da auga atoparemos unha parte intermedia que sostén as condutas e que sería todo o referido a crenzas, opinións, teorías, ... Máis abaixo, máis fondo e máis grande está a base da estrutura e que son os valores. Non podemos deixar de intervir sobre as condutas pero é imprescindible actuar simultaneamente na base sobre a que se sustentan se queremos resultados efectivos.

Continuando co tema da nosa estrutura, realmente para as persoas que xa traballabamos na sección do Barco non supuxo cambios de importancia posto que, aínda que eramos de área, necesariamente tiñamos que atender as necesidades do profesorado da zona, fosen ou non da área de referencia. A zona de influencia da sección do Barco ten unhas características específicas que condicionan para facilitar nuns casos e para

dificultar noutros toda a nosa actividade como asesores e asesoras. O equipo está formado dende que comezou a existir o centro por tres persoas e practicamente en todos os foros anteriores estivemos presentes e compartimos, como facemos habitualmente, a información e documentación que no mesmo se aportou. Como xa se mencionei con anterioridade, atendemos a toda a zona este da provincia (o extremo tanto da provincia coma da Comunidade), un total de 30 centros de titularidade pública e privada concertada, dos que dúas son escolas unitarias. O profesorado é maioritariamente de fóra da zona: profesorado en primeiro destino definitivo, provisional ou interino e substituto. Polo xeral, os Claustros son moi dinámicos e participan activamente tanto nas actividades que se levan a cabo nos seus centros como nos cursos que se imparten no Centro de Formación e Recursos. Proba desta actividade pode ser que dende o ano 97 teñamos unha media cada curso de 12 proxectos en formación en centros e entre 12 e 14 cursos presenciais por curso académico. No derradeiro trimestre do actual curso académico teremos un curso de “Introducción á prevención da violencia de xénero no ámbito educativo” que xa ten cubertas as prazas ofertadas.

Dende a estrutura comentada ofértase ao profesorado galego diferentes tipos de actividades. Existen unhas actividades que se veñen denominando presencias e que son do tipo cursos, xornadas, encontros, que poden ser tanto centralizadas (organízanse nun determinado lugar para o profesorado de toda a comunidade) e periféricas (organízanse nos diferentes Centros de Formación e Recursos preferiblemente para o profesorado da súa zona de influencia). As actividades deste grupo deséñanse nun curso escolar para desenvolver no seguinte e publícanse en formato libro e CD e tamén se colgan no portal educativo da Consellería de Educación. Estas actividades chegan aos centros xa deseñadas, cunha estrutura máis pechada. Xunto con estas existe outro grupo de actividades que se veñen denominando non presenciais e que están máis centradas na formación nos propios centros. Son os Proxectos de Formación e Asesoramento en Centros, os Seminarios Permanentes e os Grupos de Traballo. As actividades deste tipo convócanse cada curso escolar e o profesorado ten máis posibilidades de escoller aspectos como duración, temática, organización, etc. Todas elas necesitan que se elabore un proxecto de traballo que, tanto nos proxectos de formación como nos grupos de traballo debe realizarse en colaboración cun asesor ou unha asesora dos Centros de Formación e Recursos. Neste tipo de actividades, sobre todo cando hai grupos de persoas interesadas en traballar pero é necesario buscar a temática a tratar, as persoas asesoras temos máis posibilidades de suxerir temas, liñas de traballo, aspectos que consideremos de interese, etc. É importante que teñamos este aspecto en conta porque en moitas ocasións a ninguén se lle ocorre suxerilo e, en moitos casos, existe a falsa percepción de que xa é algo case superado dende o momento que nenos e nenas se escolarizan nun mesmo edificio. Esta falsa percepción desmóntase a pouco que empecemos a afondar na realidade do entorno e da maioría dos centros escolares ou que deixamos de utilizar o masculino exclusivo na nosa linguaxe habitual.

Xunto con estas actividades cunha estrutura máis formal existen outros momentos que tamén considero que son formativos pero que poderíamos denominar “non formais” por tratarse de achegas, comentarios, suxestións, valoracións, etc. que non se fan dentro dunha actividade formalizada pero que poden aportar ideas de traballo para diferentes momentos da vida dun centro: unha actividade formal, festividade, eventos ou actividades puntuais. Refírome a moitas ocasións en que compartimos tempos con profesores e profesoras: a tertulia posterior a unha sesión de asesoramento, o café de despois dunha sesión de docencia ou dun curso, a invitación que os centros fan a

relatores e relatoras no mesmo centro cando remata unha actividade a chamada ou o correo electrónico no que informas de determinada actividade ou acontecemento, a entrega dos libros do plan anual de formación, etc. Todos estes momentos máis relaxados e relaxantes proporcionan múltiples posibilidades de detección de inquiredanzas, intereses e necesidades formativas do profesorado a nivel individual e grupal e tamén nos proporcionan a asesores e asesoras posibilidades de intervención.

Todas esta actividade individual de cada asesor e cada asesora hai que enmarca dentro da estrutura da institución, dos centros que, igual que as persoas tamén poden ser máis ou menos sensibles ante as diferentes aspectos das distintas posibilidades que temos nun determinado momento ante nós. De aquí que tamén sexa importante ter en conta que este tamén é un campo de traballo formativo importante no senso da sensibilización a nivel interno, directamente relacionado co traballo en equipo dentro da institución para que a coeducación sexa un aspecto presente no noso día a día, o que non sempre é doado. A estrutura comentada e os diferentes tipos de actividades realizadas fan que ollando cara atrás poida ver que aínda que queda moito traballo por facer tamén se teñen realizado moitas cousas de interese que serían logros importantes, mesmo éxitos cando se consegue que se realicen en condicións non fáciles. Comentarei estes logros a tres niveis: Centros de Formación e Recursos, Centros Educativos e a outros niveis non directamente relacionados coa educación pero que teñen a súa influencia a nivel social en xeral e a nivel educativo en particular.

Un primeiro logro que me parece importante é que as actividades como este foro aparezan no libro do Plan Anual de Formación e non que cheguen aos centros fóra desta convocatoria. Dado que son actividades formativas, deben formar parte da oferta global o que, ademais, creo que valoriza este tipo de iniciativas cara ao profesorado.

No referente a logros dentro do Centro de Formación e Recursos, o primeiro deles está referido ao tema do uso de linguaxe non sexista. Paréceme un tema moi importante dado que o que non se verbaliza parece non existir e, ademais, a linguaxe estrutura o pensamento. Progresivamente fomos incorporando unha linguaxe non discriminatoria tanto nas comunicacións internas como cara ao exterior. Hoxe forma parte do noso estilo de comunicación. O centro de Ourense é o único con representación feminina en todas as seccións e onde, ademais, tiñamos ata hai uns días a única asesora TIC de Galicia. Seguramente vinculado ao tema da linguaxe, considero que tamén teñen mellorado as nosas relacións internas como equipo de traballo e que os homes recoñecemos máis e mellor ás nosas compañeiras. O esforzo en mellorar estes aspectos fai que tamén o interese como equipo de asesoramento e o valor que lles damos ás actividades relacionadas con esta temática ten mellorado de xeito importante.

Polo que respecta aos centros educativos os logros aínda son maiores. En primeiro lugar quero mencionar a toma de conciencia en relación con temas de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a coeducación, a visibilización e valorización das mulleres, a prevención da violencia de xénero dende a escola, etc. No tema da linguaxe tamén se teñen feito avances importantes. Cada centro vai incorporando linguaxe non sexista nas súas comunicacións tanto a nivel interno como externo o que non sempre ten sido fácil. Estes dous factores inflúen noutros como a participación do profesorado en actividades relacionadas co tema (Proxecto Relaciona, cursos de prevención de violencia de xénero no ámbito educativo, ...) ou a presenza destes temas na formación nos propios centros a través de actividades relacionadas con biblioteca, actividades de

educación física ou convivencia. Onde máis se nota é en actividades diversas que se organizan ao longo do curso escolar. Entre elas podería citar: campionatos de xadrez que se facían separados por sexos pasan a ser mixtos, traballo con xogos cooperativos non excluíntes, exposicións de fotografías antigas onde hai un apartado específico sobre as mulleres e que están nos corredores do centro durante meses, murais realizados ao principio do curso que están expostos na entrada do centro e que levan títulos como “mulleres importantes”, “a muller galega” ou “mulleres na arte ou na ciencia”, exposicións de libros nas bibliotecas escolares que teñen a mulleres como autoras ou como protagonistas, traballos co alumnado vía titorías en prevención de violencia de xénero ou accións puntuais como que con motivo dunha excursión se solicite unha conductora para o autobús. En ocasións unha determinada actividade por propia evolución provocan a reflexión sobre este tema. Por exemplo, traballando o tema da convivencia no centro chega a formarse un equipo de mediación escolar formado por alumnado, profesorado e familias (realmente, nais). A formación é igual para todo o equipo e se realiza conxuntamente. Postos a empezar a traballar decátanse de que as rapazas teñen maior habilidade para mediar e acábase por relacionalo co estilo de comunicación e de relación feminino que fai que teñan máis desenvolvidas capacidades coma a escoita activa, a clarificación dos temas, o parafraseo, o sentido da axuda e colaboración, etc. Neste mesmo IES (Carlos Casares de Viana do Bolo) este curso escolar con motivo da celebración do día 8 de marzo, organízase un encontro cun grupo de mulleres da zona xa de idade e que no seu día traballaron nunha mina de wolframio que había no Concello da Veiga. Compartiron un tempo co alumnado e coas familias e contaron como era a súa vida hai 50 ou 60 anos traballando na mina e na casa, como levaban a roupa cando ían coidar das vacas, a lavaban alí e volvían con ela para a casa, como tecían en teares manuais e como o seu salario era a metade que o cobraban os homes. En resumo, como o seu traballo de anos contribuíu ao entorno actual onde vive o alumnado do IES. Esta actividade foi publicada logo na prensa (A Voz de Galicia, O Faro de Vigo ou o xornal local O Sil) o que supón tamén repercusión a nivel social. Neste sentido tamén debo mencionar a evolución levada a cabo noutra das actividades que se realizan na nosa zona, a Convivencia de Educación Infantil. Este ano celebrará no mes de maio a súa décima edición e os profesores e profesoras que vía Seminarios Permanentes as organizan (celébrase unha na zona de Valdeorras e outra na zona de Verín e vai rotando cada ano nun concello diferente da zona) fixeron que fose evolucionando e dende hai tempo exista unha preocupación polo tema da coeducación. Hai dúas mascotas, Cholo (un globo) e Nela (unha pinga de auga), hai unha preocupación específica na incorporación de pais e profesores homes como acompañantes do alumnado o día da convivencia e pola súa participación nos contacontos e obradoiros que se desenvolven ese día. É importante mencionar tamén os logros que levan acadado no tema xa mencionado da colaboración entre diferentes institucións: asociacións de pais e nais, centros educativos, concellos, Garda Civil, Protección Civil, etc.

É necesario facer mención tamén de logros a outros niveis que dun xeito ou doutro están relacionados co mundo educativo. Na nosa zona existe unha asociación cultural educativa e social que se chama Vagalume e na que hai unha importante presenza de mestres e mestras que todos os anos organiza, entre outras, dúas actividades. Unha delas denomínase Xornadas Socieducativas e a outra Encontros Familia Escola. Teñen o valor de ser unha proposta dirixida tanto a profesorado como a familias que comparten as actividades e sempre na súa temática está presente o tema da coeducación. Importante tamén as accións levadas a cabo dende os Concellos. O actual alcalde do Barco de

Valdeorras era con anterioridade asesor no Centro de Formación e igual isto fai que sexa máis sensible coa temática. O certo é que o Concello realiza diferentes actividades relacionadas coa temática a través da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade; o feito de que a concellería leve esta denominación xa é significativo. Debo mencionar tamén o funcionamento do Centro de Información á Muller. Podemos citar por exemplo o feito de que o ano pasado se organizase un curso de fontanería para mulleres e outro de cociña para homes que provocaron diferentes comentarios relacionados co tema da igualdade a nivel social, é dicir que motivaron que na rúa se falase do tema. Con motivo do día 8 de marzo organizáronse actos dende o día 7 ata o 14 de marzo que incluíron conferencias, exposicións de arte e fotografías relacionadas co mundo feminino, proxeccións de películas (Las mujeres de verdad tienen curvas ou Princesas), obradoiros, ... Moi importante me parece tamén que exista no Concello un Plan de Igualdade entre homes e mulleres 2004-2006. No feito de que outras institucións teñan iniciativas deste tipo creo que inflúe que sexan temas presentes nas escolas porque xeran demandas. O papel do equipo de asesoramento do noso centro nestas iniciativas pode ir dende a nosa presenza nos diferentes actos ata a colaboración coas diferentes entidades aportando información sobre posibles actividades, relatores e relatoras, etc.

Levamos xa camiño andado pero tamén hai que ser conscientes de que queda moito por andar. Todas estas iniciativas e logros en moitos casos son froito do traballo individual de persoas (case exclusivamente mulleres) abandeiradas da causa que van conseguindo que nalgún momento nos seus centros se trate o tema e exista unha reflexión crítica sobre se realmente estamos coeducando ou só escolarizando alumnos e alumnas xuntos. Nalgúns casos, estas persoas forman grupo o que xa é un paso máis pero só en contadas ocasións podemos atopar accións a nivel centro que serían as realmente efectivas a todos os niveis. O papel de asesores e asesoras nestes casos sería amosar interese, valorizar a iniciativa e motivar para que dea froito.

Revisado o pasado cumpre agora mirar cara ao futuro. Creo que hai varias liñas de traballo que son de interese:

- Seguir aportando aos centros materiais de reflexión e traballo. A este nivel son moi interesantes as publicacións do Seminario Galego de Igualdade e as do Instituto da Muller como os Cadernos de Educación non Sexista ou todo o referido ao Proxecto Relaciona. Parece claro que cando se analiza a convivencia nos centros educativos unha das conclusións ás que se chega e que os alumnos son máis violentos que as alumnas e, ademais, non recoñecen ou aceptan peor a autoridade das profesoras. Unha amiga comentábame hai pouco que os homes neste momento podémonos dividir e tres grupos: unha minoría que é consciente de que o modelo tradicional de ser home non é válido xa a estas alturas e que hai que buscar modelos alternativos; sería o grupo de “estamos en obras perdoen as molestias”. Logo hai unha maioría moi despistada que ve que hai cousas que non encaixan pero non sabe nin como nin porque. Finalmente, outra minoría que se podería denominar “sector talibán” que protagoniza episodios que todos e todas coñecemos polos medios de comunicación ou podemos observar na nosa vida diaria que considera que o feito de que as mulleres teñan a mesma consideración que eles supón unha perda de privilexios, algo contra o que hai que loitar. O maior perigo sería que a maioría se escorase cara ao sector talibán, polo que é necesario traballar na liña de que os alumnos e os profesores teñan modelos diferentes do tradicional, que sexan patentes as posibilidades de ser home doutra maneira. Este é un tema que me interesa tanto a nivel persoal como profesional e pode ser de interese a consulta de páxinas web de colectivos ou asociacións de homes que traballan pola igualdade: Ahige (Asociación de

Hombres por la Igualdad de Género) [www.ahige.org](http://www.ahige.org); Coriag (Colectivo de Hombres por las Relaciones Igualitarias) [www.coriag.org.mx/index1.html](http://www.coriag.org.mx/index1.html); Hombres por la Igualdad: [www.hombresigualdad.com](http://www.hombresigualdad.com); Centro de Estudios de la Condición Masculina que dirixe Luis Bonino que participou en edicións anteriores deste foro: [www.cecomas.com](http://www.cecomas.com); ou os traballos do xa mencionado Luis Bonino ou Fernando Barragán (Profesor Titular de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de La Laguna); ambos teñen traballado de maneira importante sobre a masculinidade e as súas achegas son moi interesantes.

- Reflexionar nos centros sobre os estilos docentes. Todos e todas sabemos que non todos os estilos docentes son igualmente válidos e que hai determinadas características do estilo feminino que poderíamos e seguramente deberíamos de tratar de incorporar cada un de nós.

- Tentar poñer en marcha proxecto de centro nos que, reflexionando sobre as propias prácticas individuais e de centro, traballemos esta temática de xeito serio e rigoroso. Este poderá ser posible a través do Plan Valora no que se está traballando na Consellería de Educación e que premiará 10 proxectos de centro relacionados co tema da coeducación xunto con outros máis de 70 sobre diferentes temáticas transversais.

- Traballar na incorporación ás prácticas habituais nos centros educativos de achegas importantes que nos veñen dende o campo da Psicoloxía e o estudio da/s intelixencia/s. As achegas de Goleman sobre intelixencia emocional e as súas repercusións no campo educativo na liña de conceder a mesma importancia a intelixencia e afectividade para analizar como se desenvolven as nosas accións e decisións e as causas que as motivan que, en xeral, son maioritariamente de índole emocional. É necesario que aprendamos a exercitar destrezas e estratexias para ser quen de coñecemos mellor e controlar/dominar os impulsos, os sentimentos e as emocións e que, ademais, lles proporcionemos estas aprendizaxes aos nosos alumnos e ás nosas alumnas.

- Consideración e traballo en educación en valores. Un referente pode ser o Plan Valora xa mencionado, pero é necesario parar e reflexionar sobre os valores que os centros están transmitindo ao seu alumnado, si consideramos que son adecuados, sobre que valores deberíamos de transmitir, sobre como facelo en cada unha das materias, etc.

- Dende logo o que non podemos perder nunca é o ESPÍRITO POSITIVO. É necesario que sexamos conscientes de que hai un camiño andado e que conservemos enerxía e ganas de seguir andando coa convicción de que imos na liña adecuada a pesar das dificultades. Un proverbio tibetano di que “ unha árbore que cae fai máis ruído que o bosque que medra”. A pesar de que escoitamos caer árbores continuamente debemos manter viva a idea de que o bosque está medrando e que entre todos e todas estamos construíndo un futuro no que homes e mulleres sexamos máis libres, máis valorados e valoradas, máis felices, ..., máis PERSOAS, obxectivo básico da escolaridade obrigatoria.

Para rematar a miña intervención pasarei unha presentación en Power Point que me enviaron o día do mestre e que creo que da unha idea bastante aproximada do que debe ser a educación e contribúe a manter este espírito positivo do que falaba. Titúlase “Sementes” e aínda non podo reproducir aquí as imaxes si o incluirei o texto:

Un home traballaba nunha fábrica distante 50 minutos de autobús da súa casa. Na seguinte parada entraba unha anciá que sempre se sentaba xunto da ventá. Ela abría unha bola, sacaba un paquetiño e pasaba toda a viaxe tirando algunha cousa para fóra.

A escena sempre se repetía e un día o home, curioso, preguntoulle que botaba pola ventá.

- Boto sementes, díxolle ela.

- ¿Sementes? ¿Sementes de que?

- Gustaríame poder viaxar vendo flores de cores todo o camiño. ¡Imaxine o bonito que sería!

- Pero as sementes caen sobre o asfalto, esmáganas as rodas dos coches, cómenas os paxaros, ... ¿Cre vostede que as sementes xerminarán á beira da estrada?

- Así é, fillo. Aínda que moitas se perdan, algunha acaba caendo na terra e, co tempo, ha brotar.

- Aínda así ... Tardarán en crecer ... Precisan auga ...

- Eu fago a miña parte, sempre hai días de choiva. E se alguén bota as sementes, as flores naceran.

Dito isto deuse a volta cara á ventá e comezou de novo o seu traballo.

O home baixou máis adiante pensando que a señora xa estaba un pouco senil.

Tempo despois ... Un día, no mesmo autobús, o home ao mirar cara a fóra, viu flores na beira do camiño ... Moitas flores ... A paisaxe chea de cores, perfumada e bonita.

Acordouse entón daquela muller. Buscouna pero non a atopou. Preguntoulle ao conductor do autobús que coñecía a todos os pasaxeiros da viaxe.

- ¿A velliña das sementes? Pois ... morreu vai para un mes.

O home volveu ao seu sitio e seguiu mirando a paisaxe chea de flores e pensando: ¡quen diría! ¡as flores naceron! ¿Pero de que lle valeu o seu traballo? Morreu e non puido ver toda esta beleza. Nese intre escoitou risas dunha criatura no asento de atrás. Unha rapaza sinalaba pola ventá entusiasmada:

- Mira ¡que bonito! ¡cantas flores pola rúa! ... ¿Como se chaman aquelas?

Neste momento entendeu todo o que esta velliña fixera. Aínda que non estaba aí para ver, fixo a súa parte, deixou a súa marca, a beleza para a contemplación e a felicidade das persoas.

Ao día seguinte, o home subiu ao autobús, sentouse xunto da ventá, quitou o seu paquetiño de sementes do bolso ... E así deu continuidade á vida, sementando con entusiasmo e alegría as súas sementes ...

O futuro depende das nosas accións presentes. E se sementamos boas sementes o froito será igualmente bo. ¡VAIAMOS SEMENTAR AS NOSAS SEMENTES AGORA MESMO!